



Estimadas familias,

Este centro ten concedida a impartición dun programa de ensino bilingüe para 2º e 3º de ESO nas materias de Oratoria (2º de ESO) e Física e Química (3º de ESO).

Este é un proxecto que se enmarca dentro das directrices europeas nas que se recomenda que os cidadáns da Unión Europea aprendan dúas linguas da Unión, ademais das linguas nacionais. O programa consiste no ensino de materias non lingüísticas dun xeito bilingüe, é dicir, parcialmente en inglés, neste caso, e na lingua cooficial que corresponda.

A Comisión Europea amosou o seu interese no ensino en lingua estranxeira de contidos de materias non lingüísticas, xa que estas materias son instrumentos moi favorables na aprendizaxe lingüística e nas que se poden alcanzar **os mesmos obxectivos e contidos programados** sen que a lingua estranxeira **supoña ningún obstáculo** na aprendizaxe.

Dende este instituto queremos darlle unha resposta ás necesidades actuais do noso alumnado e capacitalos para facer fronte á demanda dunha sociedade cambiante. Cremos que este programa enriquece enormemente a nosa oferta educativa e contribúe ó logro dun ensino público de calidade. Segundo recentes estudos, estudar algunhas materias en inglés ten un **efecto positivo** tanto na aprendizaxe deste idioma como no da lingua materna e consegue que o alumnado afiance mellor os coñecementos e desenvolva máis destrezas de aprendizaxe útiles para o seu futuro académico e laboral. Outra das vantaxes de pertencer á sección bilingüe radica na posibilidade de ter un auxiliar de conversa nativo que acercará ao alumnado á lingua e a realidade dos países nos que se fala o inglés.

Neste curso, dada a situación asociada ao COVID-19, temos que modificar o método organizativo que vimos desenvolvendo en anos anteriores (presentación ás familias no centro, entrega de autorizacións, etc). Deste xeito, **incluíremos toda a información na nosa páxina web** (<https://www.iesxesustaboadachivite.org/>), **no menú de inicio e a solicitude para poder participar nas seccións (Oratoria en 2º ESO e Física e Química en 3º ESO) irá asociada ao formulario de previsión de matrícula que se lle enviará ao correo electrónico de seu fillo/a.**

Calquera dúbida poden achegala ao correo do centro (ies.xesus.taboada@edu.xunta.es) ou chamando ao teléfono do instituto (988685070).

Verín, 19 de maio de 2020

O DIRECTOR

César Sánchez Pampín